



## A COLOR DA HUMANIDADE

Actividade didáctica para alumnos de Primaria,  
a propósito da exposición de ANA MERCEDES HOYOS

Imaxinemos ao pintor máis preciso e realista que teña existido xamais. Imaxinemos que un bo día chega á nosa casa e chanta o seu cabalete trala fiestra do noso cuarto, coa intención de inmortalizar a paisaxe que vemos cada mañá. Por moito coidado que poña na confección deste cadro, teremos a sensación de que o motivo orixinal foi transformado. Pareceranos irreal, cheo de pormenores nunca vistos. Seguramente, dunha fermosura inesperada.

Non é unha cuestión de maxia, nin de talento. Nin sequera de estilo. É unha cuestión de punto de vista: a pintura, o mesmo que calquera outra forma de arte, ten a interesante cualidade de sacarnos de DENTRO do mundo para situarnos DIANTE del. Tal é o sentido do termo «representar»: facer que o espectador e mailo mundo sexan por uns minutos dous suxeitos diferentes que se miran fixamente aos ollos.

Se, ademais de MIRAR arte, temos a ousadía de CREAR arte, este breve feitizo, esta paréntese na confusión que de cote envolve as nosas vidas, poderá prolongarse cuase indefinidamente. E, de propina, teremos o privilexio de darlle ao mundo o aspecto que máis nos apeteza.

Así pois, non será preciso ir ao Caribe para percibir tonalidades intensas e contrastadas. Mesmo nas brumosas ribeiras do Atlántico, mesmo nos meses máis crus do inverno, mesmo nos rueiros máis periféricos da cidade, poderemos entregarnos ao pracer saudable e gratuíto da color.

¿Non o credes? Sigamos as pegadas da sabia Ana Mercedes e visitemos unha feira de barrio coa cámara de fotos na man...

### A COLOR DA HUMANIDADE

Actividade didáctica para grupos escolares de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria, cun máximo de 40 alumnos por quenda.

MARTES 22 e 29 de xaneiro, 12, 19 e 26 de febreiro de 2008. Unha quenda ás 10:00 e outra ás 12:00 horas. A duración total da actividade será dunha hora e media.

Actividade gratuíta, incluíndo todos os materiais e ferramentas que se precisen. Transporte por conta do centro escolar.

Información e inscrición: pregunten por Jorge Núñez no teléfono 981 178786 (luns a venres de 10:00 a 14:00) ou envíen un correo electrónico ao enderezo [educacionmacuf@arteyenergia.es](mailto:educacionmacuf@arteyenergia.es)